

**Sr. Alcalde do Concello de Pontes de  
García Rodríguez (As)  
Parque Empresarial, s/n  
15320 Pontes de García Rodríguez (As)  
(A Coruña)**

**Clave: DH.W15.84539**  
**Expediente: Autorización de obras para peche parcela no lugar de Brixeo, no concello de Pontes de García Rodríguez (As), (A Coruña).**  
**Solicitante: María Teresa Rodríguez Doce**  
**Asunto: Información pública**

Achégolle xunto con este escrito o anuncio de Información Pública da solicitude presentada por María Teresa Rodríguez Doce, para a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios dese concello por un prazo de **vinte (20) días**, contados a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e a admisión de reclamacións durante o mesmo período.

Ó mesmo tempo solicítolle que pasado o prazo de exposición ó público dispoña a remisión a este Servizo Territorial de Augas de Galicia do citado anuncio acompañado da certificación da exposición na que se deberá facer constar se houbo ou non **reclamacións**.

A Coruña, a/o xefa/e do Servizo Territorial – Néstor Rodríguez Arias (Sinatura dixital)



## SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

## INFORMACIÓN PÚBLICA

## ANUNCIO

María Teresa Rodríguez Doce, solicita de Augas de Galicia por atoparse nas marxes do río s/d, a autorización de obras, no polígono 19, parcela 43, no lugar de Brixeo, Concello de Pontes de García Rodríguez (As) (A Coruña). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W15.84539.

As obras solicitadas consisten no peche de parcela mediante materiais de formigón prefabricado, cunha altura de 1,50 m e unha lonxitude de 76,00 m.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Pontes de García Rodríguez (As) ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ Vicente Ferrer 2, 9º andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 22 de abril do 2022  
a/o xefa/e do Servizo Territorial – Néstor Rodríguez Arias (Sinatura dixital)

